



O día 29 do mes de xullo do pasado ano, publicouse a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia que, ente outras, modificou a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor. A nova lei establece no seu **artigo 13.5**, textualmente, o seguinte:

“Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais”

O devandito *Rexistro Central de Delincuentes Sexuais* foi regulado mediante o Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro, o cal, na súa disposición final quinta, determina que entra en funcionamento o 1 de marzo de 2016.

Estas normas afectan moi directamente ao ámbito educativo, polo que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de cara a garantir o cumprimento do citado artigo 13.5, xa adoptou as medidas e está a realizar as xestións e comprobacións necesarias respecto do persoal docente e non docente vinculado coa propia consellería: persoal funcionario, interino ou laboral que sexa nomeado ou contratado para prestar servizos nun centro educativo público, para cuxa toma de posesión xa se remitiron as instrucións oportunas.

Así mesmo, a consellería requiriu das empresas adxudicatarias de distintos servizos nos centros educativos, ANPAS e outras entidades colaboradoras, para que, respecto do seu persoal adscrito aos servizos na actualidade ou do que poidan contratar no futuro, aporten unha declaración responsable sobre o debido cumprimento do mandato legal.

Con respecto do persoal que preste servizos no centro e teña dependencia dunha entidade local (conserxería, mantemento, limpeza,...), corresponde a súa Administración realizar os trámites preceptivos.

Non obstante, cómpre ter en conta que existen programas, servizos ou actividades que se **organizan e xestionan directamente polos propios centros educativos**, casos nos que debe constatarase o cumprimento do reflectido na normativa referenciada, en canto á esixencia da oportuna



acreditación de non ter sido condenado/a en sentenza firme por delitos sexuais no marco do artigo 13.5 e respecto do persoal que participe en tales actividades e poida ter un contacto habitual cos menores. A **modo de exemplo**, e seguindo as recomendacións da *Comisión General de Educación* do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, sinalar:

- Persoal que preste servizos complementarios de asistencia no comedor.
- Persoal que preste servizos que impliquen o coidado de menores nos centros docentes dentro e fóra do horario lectivo.
- Persoal que realice actividades complementarias e extraescolares.

Para tal efecto, a dirección do centro solicitará do persoal afectado unha certificación negativa do *Rexistro Central de Delincuentes Sexuais*. Para o caso de que se trate de estranxeiros, ademais deberán achegar un certificado negativo de antecedentes penais do seu país de orixe ou de onde é nacional, traducido ao galego ou castelán e legalizado de conformidade cos Convenios Internacionais en vigor, sempre respecto dos delitos aos que se refire o xa citado artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2016

O Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez